



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Lingua Inglesa 4	Código	613G02019	
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Cabarcos Traseira, Maria Jesus	Correo electrónico	maria.jesus.cabarcos@udc.es	
Profesorado	Cabarcos Traseira, Maria Jesus Martingano Prieto, Lucas Andrés	Correo electrónico	maria.jesus.cabarcos@udc.es lucas.martingano@udc.es	
Web	www.udc.es			
Descrición xeral	Esta materia amplía a formación básica na descrición da lingua inglesa e a teoría e práctica do inglés. O obxectivo xeral é chegar ao nivel C1 de CEF.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A6	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua inglesa.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B8	Apreciar a diversidade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	Lingua e uso: posuír un vocabulario xeral amplo; coñecer frases e colocacións comúns, matices, verbos con partícula, modos de enlazar oracións; realizar transformacións gramaticais con soltura	A6	B4 B5 B8
Comprensión auditiva: comprender distintos tipos de discurso auténtico; monólogos, avisos, programas de radio e televisión, relatorios, anécdotas, interaccións entre varios falantes á vez, entrevistas, debates	A6	B4 B8	C2
Competencias orais: saber desenvolverse oralmente con falantes nativos e non nativos; proporcionar información, expresar e xustificar opinións, realizar comentarios axeitados, expresar acordo e desacordo, comparar, describir e especular. En resumo, os alumnos deben ser capaces de levar a cabo a comunicación eficaz, e de responder plenamente aos estímulos orais.	A6 A9 A15	B3 B4 B8	C2
Competencia lectora: comprender unha variedade de textos auténticos procedentes da prensa, obras de ficción, ensaios, materiais de promoción ou de publicidade.	A6 A15	B1 B3 B5 B8 B10	C2 C6 C7



Escritura: saber redactar varios tipos de textos, como cartas, artigos, ensaios, textos informativos, propostas, queixas, informes e recensións.	A6 A9 A15	B1 B4 B5 B8	C2
Gramática: demostrar comprensión e dominio da gramática inglesa acorde con un nivel C1.	A6	B5 B6	C2 C7

Contidos	
Temas	Subtemas
O libro de texto principal neste curso é o mesmo utilizado no cuatrimestre anterior en Lingua Inglesa 3: Gold Advanced Coursebook.	Lingua Inglesa 4 comezará na unidade 9.
Escribir	Estilo e rexistro; linguaxe formal e informal; puntuación; parágrafo; conectores; cartas de motivación; o ensaio: tipos (ex. argumentativo, descritivo, etc) e partes principais (título, introdución con (hipó)tese, corpo, conclusión, citas no corpo do texto e lista de obras citadas); MLA.
Ler	Comprensión dun texto: diferentes niveis (dende a gramática e o vocabulario ata a interpretación e análise) e diferentes tipos de texto.
Falar	Participar en debates, expresar opinións e argumentos, estruturar e facer presentacións, entrevistas de traballo.
Escoitar	Os exercicios auditivos estarán relacionados co vocabulario, temas de discusión e a gramática vistos na clase.
Gramática	Repaso e consolidación de diferentes categorías, entre outras, os verbos (modais, etc); nomes, pronomes, artigos e determinantes, adxetivos e adverbios, preposicións e conxuncións, conectores adverbiais e mecanismos cohesionadores. Consolidación e expansión de estruturas gramaticais: voz pasiva, estilo indirecto, cláusulas de participio, oracións condicionais, estruturas de relativo, subordinadas adverbiais, oracións de énfase, cláusulas con "whoever", "whatever", etc.
Vocabulario	Ampliación de vocabulario, con especial atención a expresións feitas e idiomáticas. Temas: describir compatibilidade e emocións, atopar traballo e describir destrezas profesionais, expresar opinións e debater sobre temas e eventos actuais (diversidade, o medio ambiente, dereitos humanos, cine, música e literatura, entre outros).

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A6 A15 B5 B8 C2	25	25	50
Seminario	A6 A9 A15 B4 B8 B10 C2	16	16	32
Traballos tutelados	A6 A9 B1 B4 B8 B10 C2	4	8	12
Presentación oral	A6 A9 B1 B3 B4 B6 B8 C2 C6 C7	0	5	5
Obradoiro	A6 A9 B4 B10 C2	16	16	32
Proba oral	A6 A9 B3 B4 B6 C2	0.5	4.5	5
Proba mixta	A6 A15 B6 B10 C2	2	10	12



Atención personalizada		2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	(GRUPOS GRANDES): As clases consistirán en leccións teóricas e prácticas prestando especial atención á gramática, ó uso do inglés e á comprensión lectora.
Seminario	(GRUPOS A, B, C e D): Clases prácticas deseñadas para desenvolver destrezas da fala, escrita, lectura e de comprensión auditiva usando un tema dos contidos do curso ou outros que poidan ser de interese xeral. O alumnado participa nestes seminarios semanalmente, para poder practicar todas as destrezas ininterrompidamente.
Traballos tutelados	Exercicios de redacción diversos.
Presentación oral	Pretende dar á posibilidade ao alumnado de traballar de xeito colaborativo e creativo para mellorar o seu dominio da lingua (particularmente a súa destreza oral). Non é un exercicio obligatorio (como si o son o resto de apartados da avaliación). Por todo isto, só se considerarán proxectos individuais por circunstancias excepcionais e debidamente xustificadas.
Obradoiro	Actividades orais nos GRUPOS PEQUENOS, supervisadas por lectorxs, nas que se poñen en práctica as destrezas orais do alumnado. Poden incluír conversacións informais, espontáneas e naturais, así coma debates. Os talleres tamén poden dar lugar a actividades de redacción.
Proba oral	Unha conversación breve ou entrevista co profesorado.
Proba mixta	Exame escrito. Permítelle ao profesorado valorar o coñecemento e as destrezas desenvolvidas polo alumnado durante o cuadrimestre. Este test obxectivo pode incluír diferentes tipos de preguntas: opcións múltiples, resposta curta, asociación, encher ocós, e outras actividades e probas.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Estamos a disposición dos/as estudantes nas horas de tutoría e mediante cita previa.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba oral	A6 A9 B3 B4 B6 C2	Unha breve conversa ou entrevista co profesorado que será programada durante o periodo de exames finais oficiais. O alumnado terá que apuntarse para unha cita concreta. O alumnado que participe de xeito activo, significativo e continuado nas actividades orais na aula (permitindo por tanto ao profesorado que lles valore a súa destreza oral durante o cuadrimestre), e que obteñan un mínimo de 5 sobre 10 na avaliación continúa, non terá que facer esta proba oral.	20
Traballos tutelados	A6 A9 B1 B4 B8 B10 C2	Dous ou máis exercicios de redacción feitos na maior parte na clase (ex., cv e carta de motivación, ensaio argumentativo, resumos, etc.). As datas destes traballos serán anunciados por adiantado.	20
Presentación oral	A6 A9 B1 B3 B4 B6 B8 C2 C6 C7	Consiste en facer un vídeo-proxecto, entre 3 e 10 persoas, presentando un anuncio ou infomercial para vender un produto ou método. O alumnado non poderá ler de ningún tipo de notas e terá que preparar o guión, gravar o vídeo e colgalo. O resto das pautas serán explicadas ao seu debido tempo.	10
Proba mixta	A6 A15 B6 B10 C2	A proba incluír as seguintes seccións: Gramática e Uso da lingua (20%), Comprensión auditiva (15%) e Comprensión lectora (15%).	50
Outros			

Observacións avaliación



? O alumnado ten a posibilidade de facer voluntariamente traballo extra para subir ata un +0.5 a súa nota final. Poden participar nun concurso de talentos ou contribuír actividades de redacción e investigación. Darase máis información na clase vía Moodle. ? A segunda oportunidade de avaliación en xullo contará coas mesmas seccións e a mesma distribución das porcentaxes da nota que na primeira oportunidade. A única diferenza é que os exercicios escritos ("traballos tutelados") feitos ao longo do cuadrimestre serán substituídos por unha redacción que se realizará na data oficial do exame final. Cada estudante deberá completar a(s) sección(s) que non superara na primeira oportunidade. ? A materia superase ao obter un 5 sobre 10 despois de sumar as notas de todas as seccións. Sen embargo, non se poderá superar a materia sen obter un mínimo de 4 sobre 10 na proba oral, na proba mixta e na sección dos traballos tutelados. ? Obterase unha calificación de "non presentado" por non acudir ao exame e/ou por non ter completado traballo de curso que represente unha porcentaxe inferior ao 50%. ? O alumnado matriculado a tempo parcial e que teña concedida unha dispensa académica deberá porse en contacto co profesorado da materia a principio de curso e avaliarase do mesmo xeito que o especificado para a oportunidade de xullo. ? O alumnado que se presenta á convocatoria adiantada de decembro avaliarase segundo as normas especificadas para a oportunidade de xullo. ? O profesorado pode usar o servizo de detección do plaxio ?Turnitin? para revisar o traballo do alumnado. O plaxio en calquera actividade significará a cualificación de "cero" nesta actividade. ? Todos os traballos e actividades deberán ser entregados en tempo e forma para así evitar unha penalización do 25% sobre a nota obtida nos mesmos.

Fontes de información

Bibliografía básica

Burgess, Sally, and Thomas, Amanda. Gold Advanced Coursebook. Pearson ELT: Harlow, UK, 2014. (O alumnado deberá traer o libro a clase, no formato no que o atopen, de xeito regular). Hai audios adicionais de nivel similar a disposición do alumnado (opcionais) en Exam Maximiser:
<http://www.english.com/goldadvanced/goldadvanced.html?page=maximiser>



Bibliografía complementaria	<p><i>Collins COBUILD Advanced Dictionary of English</i>. Collins ELT, 2012.<i>Collins COBUILD Students? Dictionary plus Grammar (Book & CD)</i>. Collins ELT, 2005.Cunningham, Gillie, Jan Bell, and Theresa Clementson. <i>Face2face Advanced</i>. <i>Student?s Book and DVD Rom</i>. Cambridge University Press, 2013.Downes, Colm. <i>Cambridge English for Job Hunting</i>. Cambridge University Press, 2008.Edwards, Lynda and Jacky Newbrook.<i> Gold Advanced. Maximiser with key</i>. Pearson, 2014.Hewings, Martin. <i>Advanced Grammar in Use: a Self-study Reference and Practice Book for Advanced Learners of English; with Answers and CD-ROM</i>. Cambridge University Press, 2013.---. <i>Cambridge Grammar for CAE and Proficiency with Answers and Audio CDs.</i> Cambridge University Press, 2009.Hopkins, Diana, and Pauline Cullens. <i>Cambridge Grammar for IELTS with Answers: a Self-study Grammar Reference and Practice</i>. Cambridge University Press, 2007.Jones, Leo. <i>New Cambridge Advanced English</i>. Cambridge University Press, 2001.Mann, M. <i>Destination C1 & C2: Grammar and Vocabulary</i>. MacMillan, 2008.<i>OED. Oxford English Dictionary</i>. Oxford University Press, 2017, www.oed.com. Accessed 10 July 2018.Quirk, R. and Greenbaum, S.<i> A University Grammar of English</i>. Longman, 1985.Swan, Michael. <i>Practical English Usage</i>. Oxford University Press, 1996.<i>The Purdue OWL Family of Sites</i>. The Writing Lab and OWL at Purdue and Purdue University, 2008, owl.english.purdue.edu/owl. Accessed 10 July 2018.Tims, Nicholas et al. <i>Face2face Advanced Workbook</i>. Cambridge University Press, 2014.Vince, Michael. <i>Advanced Language Practice: English Grammar and Vocabulary</i>. Macmillan, 2009. (WITH KEY) Collins COBUILD Advanced Dictionary of English. Collins ELT, 2012.Collins COBUILD Students? Dictionary plus Grammar (Book & CD). Collins ELT, 2005.Cunningham, Gillie, Jan Bell, and Theresa Clementson. Face2face Advanced. Student?s Book and DVD Rom. Cambridge University Press, 2013.Downes, Colm. Cambridge English for Job Hunting. Cambridge University Press, 2008.Edwards, Lynda and Jacky Newbrook. Gold Advanced. Maximiser with key. Pearson, 2014.Hewings, Martin. Advanced Grammar in Use: a Self-study Reference and Practice Book for Advanced Learners of English; with Answers and CD-ROM. Cambridge University Press, 2013.---. Cambridge Grammar for CAE and Proficiency with Answers and Audio CDs. Cambridge University Press, 2009.Hopkins, Diana, and Pauline Cullens. Cambridge Grammar for IELTS with Answers: a Self-study Grammar Reference and Practice. Cambridge University Press, 2007.Jones, Leo. New Cambridge Advanced English. Cambridge University Press, 2001.Mann, M. Destination C1 & C2: Grammar and Vocabulary. MacMillan, 2008.OED. Oxford English Dictionary. Oxford University Press, 2017, www.oed.com. Accessed 10 July 2018.Quirk, R. and Greenbaum, S. A University Grammar of English. Longman, 1985.Swan, Michael. Practical English Usage. Oxford University Press, 1996.The Purdue OWL Family of Sites. The Writing Lab and OWL at Purdue and Purdue University, 2008, owl.english.purdue.edu/owl. Accessed 10 July 2018.Tims, Nicholas et al. Face2face Advanced Workbook. Cambridge University Press, 2014.Vince, Michael. Advanced Language Practice: English Grammar and Vocabulary. Macmillan, 2009. (WITH KEY)</p>
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías